



Proxecto:

MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DO CONCELLO DE PORTOMARÍN NO SECTOR 1 DO POLÍGONO INDUSTRIAL MONTE DO CRISTO

Emprazamento:

Termo municipal de Portomarín

Fase:

Aprobación inicial

Promotor:

**CONCELLO DE
PORTOMARÍN**



Arquitecto Director do Equipo:

**Alberte González
Rodríguez**

Equipo Redactor:



gabinete de arquitectura e urbanismo
rúa círculo das artes 18, 27002 Lugo
tel. e fax: 982 250 811

Equipo colaborador:



**LABORATORIO DO
TERRITORIO**

Título de documento:

Resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico

Data: **setembro 2017**

ÍNDICE

0. Introducción	4
1. Antecedentes administrativos da modificación puntual	4
2. Determinacións do informe ambiental estratéxico	5
3. Antecedentes de planeamento	6
4.1. Planeamento vixente	6
5. Obxectivos da modificación puntual	6
5.1. Obxectivos xerais	6
5.2. Obxectivos específicos	6
6. Alcance e contido da modificación puntual e das alternativas consideradas	7
6.1. Alcance e contido da modificación puntual	7
7. Descrición da proposta de ordenación	8
7.1. Descrición da ordenación	8
7.1.1. Estrutura xeral e orgánica do territorio	8
7.1.2. Sistema xeral de equipamento comunitario público	8
7.1.3. Sistema xeral de infraestruturas de servizos	8
7.2. Clasificación do solo	9
7.2.1. Consideracións xerais	9
7.2.2. Solo urbano	9
7.2.3. Superficie da ampliación	9
8. Desenvolvemento previsible da modificación puntual	9
8.1. Desenvolvemento na tramitación	9
8.2. Desenvolvemento na modificación puntual	10
9. Efectos ambientais previsibles	10
10. Efectos previsibles sobre os plans sectoriais e territoriais	11
11. Medidas previstas para previr, reducir, e na medida do posible, corrixir calquera efecto negativo relevante no medio	12

MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NNSSP DE PORTOMARÍN NO SECTOR 1 DO POLÍGONO INDUSTRIAL MONTE DO CRISTO

RESUMO NON TÉCNICO DO EAE – SETEMBRO 2017

O Resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento de Portomarín no Sector 1 do Polígono Industrial Monte do Cristo foi redactado por gAU ARQUITECTURA e URBANISMO SLp para o concello de Portomarín, a petición deste para atender a tramitación administrativa do documento conforme ás últimas disposicións normativas.

O que certifico en Lugo o 11 de setembro de 2017,

A blue ink signature is written over a blue rectangular stamp. The stamp contains the text 'GAU' in a bold, uppercase font. Below the signature, the text 'Asdo.: Alberte González Rodríguez' is printed.

Asdo.: Alberte González Rodríguez

0. Introducción

Conforme ao prescrito no artigo 60 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que define o procedemento para a aprobación dun plan xeral de ordenación municipal cómpre incluír na documentación sometida a información pública un resumo executivo e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico. No Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 desenvolve no artigo 86.4 este precepto detallando o contido do resumo executivo consistente en:

- a) No caso de que haxa ordenación proxectada, delimitación dos ámbitos a que esta altera a vixente, cun plano da súa situación e determinación do alcance da devandita alteración.
- b) De ser o caso, os ámbitos en que se suspenda o outorgamento de licenzas e a duración da devandita suspensión.
- c) O alcance das licenzas que suspende, de acordo co establecido no número 3 deste artigo.

O presente documento redáctase conforme aos anteriores preceptos normativas incorporando aqueles aspectos específicos referidos á alteración do planeamento, suspensión de licenzas e urbanísticas e o seu alcance.

1. Antecedentes administrativos da modificación puntual

A presente modificación puntual do planeamento vixente no termo municipal de Portomarín foi obxecto dunha tramitación completa ata a fase de aprobación inicial (iniciada en 2015 e proseguida en 2016) como se pode comprobar no Anexo documental deste texto, no que se constata que o 7 de xaneiro de 2016 se recibiu na Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a comunicación pola que se confirmaba o inicio da tramitación da “Modificación Puntual das Normas subsidiarias de planeamento do concello de Portomarín no sector 1 do polígono industrial Monte do Cristo.

Mediante a resolución do 9 de marzo de 2016 da Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio formulouse o Informe ambiental estratéxico confirmando a tramitación simplificada da avaliación ambiental, onde se expoñía unha proposta que se incorporou ao documento elaborado para a aprobación inicial. Esta finalmente non tivo lugar, por razóns alleas á tramitación, polo que se ten que reiniciar de novo o procedemento tendo en conta a aprobación e entrada en vigor nese período da Lei 2/2016 do solo de Galicia e do Decreto 143/2016 do Regulamento da lei do solo de Galicia.

Tendo en conta estas circunstancias, o documento reiniciou a súa avaliación ambiental estratéxica recollendo integramente as determinacións do Informe ambiental estratéxico elaborado a partir da resolución citada da Consellaría de Medio Ambiente de 9 de marzo de 2016. O borrador do plan, asemade, incorporou esas prescricións e é idéntico no seu contido e determinacións ao documento preparado para aprobación inicial que finalmente non foi sometido ao devandito trámite. Foi entregado no Consellaría o 11 de maio de 2017 para dar inicio ao procedemento citado, tal como se recolle no Informe ambiental do que se achega copia nos Anexos. Durante o período de exposición pública o documento recibiu resposta de tres organismos administrativos sectoriais:

- O Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura, que informa que non prevén que as actuacións comprendidas no planeamento teñan impacto nas actividades de acuicultura mariña ou continental da súa competencia, polo que non se terá en conta neste documento.
- O Instituto de Estudos do Territorio (IET) que informe que o borrador recolle na normativa as consideracións feitas polo IET no informe emitido o 24/02/2016 (expediente 2016AAE1847) respecto á integración paisaxística da implantación industrial. A documentación achegada non difre substancialmente da anteriormente informada, polo que considera que a Modificación puntual non producirá efectos

paisaxísticos significativos. Conclusión que implica a aceptación íntegra das determinacións da proposta de ordenación feita.

- A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo que fai as seguintes observacións:
 - Debe completarse a xustificación da necesidade de ampliar a superficie do polígono..
 - Debe xustificarse a clasificación do ámbito como solo urbano consolidado, de acordo co establecido no artigo 25.3 da LSG.
 - As determinacións da Modificación puntual deberán adaptarse plenamente á LSG e ao seu Regulamento.

2. Determinacións do informe ambiental estratéxico

Formando parte do proceso de tramitación da presente modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do concello de Portomarín, esta foi sometida ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada (conforme á Lei 21/20133, do 9 de decembro, de avaliación ambiental). A culminación desta fase deu lugar á emisión por parte do órgano ambiental do Informe ambiental estratéxico¹ que, independentemente da validación xeral da proposta de ordenación, contén as determinacións que se describen seguidamente co apartado da presente documentación onde se contemplan:

Informe ambiental estratéxico	Modificación puntual da NNSSP
Deberase xustificar con máis detalle a necesidade técnica de ampliar a parcela existente cara o ámbito desta modificación en contraposición coa utilización de parcelas de uso industrial e comercial que non están ocupadas no polígono industrial.	A motivación solicitada incorpórase con carácter específico no apartado 5.7.1. “Motivación das decisións de tipo discrecional” da Memoria. A maiores expóñense consideracións que reforzan a argumentación nos apartados 3.3 “Poboación e actividades”, no capítulo 4 “diagnose” e no apartado 5.1 “Obxectivos da presente ordenación” tamén da Memoria de ordenación.
Para unha correcta integración paisaxística deberanse minimizar os movementos de terra e evitar edificacións con alturas excesivas e apantallamentos visuais. A composición e acabado das edificacións deberán ser acordes coas existentes e respectando as pautas compositivas da paisaxe. O deseño das plantacións guiarase por criterios de integración paisaxística.	Esta determinación procede do informe do IET relativo á integración paisaxística da operación, integrado no IAE. Tendo en conta que esta modificación puntual non modifica a normativa vixente da NNSSP, farase un apartado de Normativa específico que recolla estas prescricións en toda a súa extensión.
As futuras autorizacións dos proxectos necesarios para a execución desta modificación deberán ter en conta as prescricións que lles poidan pola normativa ambiental vixente.	De maneira similar á determinación anterior incorporárase esta ao apartado de Normativa para dar cumprimento a esta prescrición.

A maiores destas determinacións o órgano ambiental impón a necesidade de solicitar informe á Confederación Hidrográfica Miño-Sil sobre esta Modificación puntual en cumprimento do establecido no art. 25.4 do RDL 1/2001 do 20 de xullo polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e no art. 93.4 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. A este respecto cómpre facer as seguintes consideracións:

- A ampliación proposta non interseca en ningún punto a zona de policía de ningunha corrente de auga.

¹ Resolución do 9 de marzo de 2016, pola que se formula o Informe ambiental estratéxico da Modificación puntual da Normas subsidiarias de planeamento do concello de Portomarín no sector 1 do polígono industrial Monte do Cristo (Expediente 2016AAE1847, código web 1765/2016). Achégase copia desta resolución no Anexo documental.

- A aplicación do art. 93.4 da Lei 9/2002 derogada desde o 19 de marzo do presente ano pola entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia, enténdese recollida pola aplicación do art. 83 desta última disposición legal.

3. Antecedentes de planeamento

4.1. Planeamento vixente

O planeamento actual de Portomarín, “Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Portomarín”, foron redactadas pola empresa consultora Planeamiento y Ordenación del Territorio de Galicia S.A. (PYOTGSA) e aprobadas o 24 de outubro de 1983 pola Comisión Provincial de Urbanismo. Contan por tanto con 28 anos, o que explica e contextualiza os conceptos e a terminoloxía empregadas. Tendo en conta a lexislación aplicable naquel momento, a clasificación do solo correspondía á Ley do Solo de 1975 e aos regulamentos que a desenvolvían; Planeamento, Xestión e Disciplina. O territorio municipal quedaba dividido nas tres clases de solo prescritas daquela: Solo Urbano, Solo Urbanizable e Solo Non Urbanizable.

O 21 de febreiro de 1992 aprobouse a “Modificación Parcial das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Portomarín”, co fin de modificar parcialmente a zonificación asignada polas NNSSP, establecendo unha nova zona de solo urbanizable de uso industrial e se delimitaban os sectores de planeamento.

O “Plan Parcial do Polígono Industrial e Comercial de Portomarín”, aprobado o 25 de xuño de 1992, desenvolve as determinacións contidas na Modificación Parcial das NNSSP no sector máis próximo á área urbana de Portomarín. Dito sector, a efectos da presente Modificación puntual, denominárase Sector 1 do Polígono industrial Monte do Cristo.

5. Obxectivos da modificación puntual

O obxectivo do presente documento é o inicio do procedemento da avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Portomarín.

5.1. Obxectivos xerais

O promotor da actuación é a empresa cooperativa COREN, como propietario das parcelas obxecto da modificación, coa que se pretende dar resposta ás necesidades para a implantación dunha actuación empresarial, tal como se indica na instancia presentada polos interesados, e asinada polo alcalde de Portomarín.

Os obxectivos máis significativos serían, para os efectos desta modificación puntual e tendo en conta a implantación industrial que a xustifica:

- Aumento exponencial da actividade empresarial no concello, aínda que con repercusión que sobrepasan os límites municipais, e que se estende ao resto do sector primario, non só o directamente derivado da actividade industrial da incubadora.
- Redución notable do paro local.
- Repercusión positiva económica para o concello polo simple aplicación do réxime de licencias de obras, de actividades e outras.
- Repercusión positiva na evolución demográfica regresiva do concello.

5.2. Obxectivos específicos

A modificación puntual consiste na clasificación dunha superficie de 16.464 m² de solo non urbanizable en solo urbano, ampliando así a delimitación do solo urbano industrial no Sector 1 do Polígono industrial Monte do Cristo.

6. Alcance e contido da modificación puntual e das alternativas consideradas

6.1. Alcance e contido da modificación puntual

O ámbito da presente modificación puntual abrangue ao solo urbano do Polígono industrial Monte do Cristo afectando ao Sector 1, concretamente á parcela con referencia catastral 2612701PH1421S0000FE. Tamén se inclúen os terreos adxacentes ao Sector 1, clasificados como non urbanizables, concretamente á parcela con referencia catastral 27049A033002420000BJ.

Figura 1: Alcance da modificación puntual no entorno do Parque industrial de Portomarín



Fonte: Concello de Portomarín

Así mesmo, debido ás repercusións que o desenvolvemento da presente modificación puntual desencadeará na economía e na poboación do Concello, pode considerarse que o ámbito da actuación é, polo menos, a nivel municipal.

O contido do planeamento proposto axustarase ó establecido na lexislación sectorial en materia urbanística; en especial terase en consideración prescrito na Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia e, nomeadamente, o art. 83 que regula a modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico².

Pódese establecer que a modificación puntual afecta a solo rústico, no sentido de vincular ó ámbito a algunha das clases de solo definida na LOUGA, sen embargo actualmente está clasificado como non urbanizable segundo a Lei do solo de 1975, polo tanto non é unha reclasificación do solo rústico.

² No lapso transcorrido desde a presentación do Documento de inicio ata este Documento de aprobación inicial, entrou en vigor a nova Lei do solo que se cita e que substitúe á Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

O contido da modificación puntual baséase nos seguintes puntos:

- Reclasificación de 16.464 m² de solo non urbanizable a solo urbano de uso industrial e comercial.
- Adquisición mediante un proceso de expropiación de 16.464 m² da parcela adxacente á da empresa cooperativa COREN, tal como se indica no plano 08 Ampliación proposta.
- Permuta do solo adquirido polo proceso expropiatorio por unha parcela de 3.902 m² localizada no extremo norte da parcela propiedade da empresa cooperativa COREN.
- Aumento da superficie dos espazos libres e equipamentos do Concello coa parcela permutada.
- Edificabilidade e intensidade de uso: non se modifican estes parámetros na presente modificación puntual.

A continuación adxúntase o cadro resume coa clasificación de solo vixente e coa proposta de modificación das NNSSP que se propón. A cartografía do planeamento vixente, en formato papel, dixitalizouse e integrouse nun sistema de información xeográfica (SIX), polo que as superficies calculadas mediante o programa informático presentan lixeiras variacións das indicadas na memoria do planeamento vixente.

<i>Clasificación do solo e superficies</i>		
Clase de solo	Superficie actual (m²)	Superficie proposta (m²)
Solo urbano residencial	320.163	320.163
Solo urbano industrial e comercial	75.854	92.318
Solo urbanizable residencial	216.990	216.990
Solo urbanizable industrial e comercial	38.605	38.605
Solo non urbanizable	114.391.966	114.375.502

Fonte: Elaboración propia.

7. Descrición da proposta de ordenación

7.1. Descrición da ordenación

Partindo dos obxectivos e criterios sinalados nos apartados anteriores, que a súa vez derivan directamente das conclusións do diagnóstico, descríbese seguidamente a ordenación proposta mediante un guión temático conforme coa lexislación aplicable.

7.1.1. Estrutura xeral e orgánica do territorio

A estrutura xeral e orgánica do territorio de Portomarín está integrada polos sistemas xerais que constitúen os elementos determinantes do desenvolvemento urbano. A través desta modificación puntual esta estrutura non se modifica.

7.1.2. Sistema xeral de equipamento comunitario público

Como xa se indicou previamente, non se crean novos sistemas xerais nin locais tendo en conta o limitado alcance da ampliación.

7.1.3. Sistema xeral de infraestruturas de servizos

Igualmente ca o indicado no apartado anterior, non se crean novas infraestruturas de servizos.

7.1.3.1. Sistema de abastecemento

Non cómpre modificar o sistema de abastecemento por considerarse suficiente para as necesidades, por outra parte, xa previstas na modificación puntual anterior.

7.1.3.2. Sistema de saneamento

Non cómpre modificar o sistema de saneamento por considerarse suficiente para as necesidades, por outra parte, xa previstas na modificación puntual anterior.

7.1.3.3. Rede de subministración eléctrica

Non cómpre modificar a rede de subministración eléctrica por considerarse suficiente para as necesidades, por outra parte, xa previstas na modificación puntual anterior.

7.1.3.4. Telefonía

Non cómpre modificar a rede de telefonía por considerarse suficiente para as necesidades, por outra parte, xa previstas na modificación puntual anterior.

7.1.3.5. Rede de iluminación pública

Non cómpre modificar a rede de iluminación pública xa que non se define nin trazan novas vías a través desta modificación puntual.

7.2. Clasificación do solo

7.2.1. Consideracións xerais

Só se clasifica solo urbano a través desta modificación. A ampliación do solo urbano consolidado de uso industrial mantén as mesmas determinacións do solo urbano existente e non comporta aumento de intensidade de uso.

7.2.2. Solo urbano

A delimitación do solo urbano e as súas categorías fíxose atendendo aos criterios, xa citados anteriormente, seguindo as prescricións legais derivadas da Lei 2/2010 e o seu Regulamento. A área delimitada vén definida pola necesidade de incorporar á parcela existente en solo urbano consolidado de uso industrial unha superficie polo fondo que permita o desenvolvemento das futuras ampliación do proceso produtivo da nova implantación industrial.

7.2.3. Superficie da ampliación

O cadro adxunto describe a superficie da ampliación proxectada da clase de solo que se indica e a súa relación coa total do concello.

<i>Táboa I. Superficie da ampliación en relación co resto do concello</i>			
Clase de solo	Categoría	Superficie (m²)	% Superficie municipal
Urbano de uso industrial	Consolidado	16.464	0,014%

Fonte: Elaboración propia

8. Desenvolvemento previsible da modificación puntual

8.1. Desenvolvemento na tramitación

A primeira etapa a realizar para o desenvolvemento da presente modificación é a súa tramitación urbanística, que estará ao abeiro do establecido no artigo 17 da lei 21/2013 no que se refire ao trámite ambiental e dos artigos 60 e 83 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

Unha vez presentada a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, xunto co borrador da modificación puntual e do documento ambiental estratéxico (DAE), o órgano substantivo comprobou que a documentación presentada cumpría cos requisitos esixidos pola lexislación sectorial e remitiríu a solicitude de inicio e os documentos que a deben acompañar ao órgano ambiental.

Dende a recepción da solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, o órgano ambiental expuxo os documentos na sede electrónica do órgano ambiental á consulta das administracións públicas afectadas e a persoas interesadas.

Unha vez rematado o prazo de consultas, o órgano ambiental elaborou o Informe Ambiental Estratéxico (IAE), onde se confirmou que a modificación puntual se someterá a unha Avaliación ambiental simplificada.

Ao non se prever efectos ambientais negativos, o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada rematou nesta fase, tendo que incorporar na modificación puntual os condicionantes ambientais establecidos no IAE, tal como se pode comprobar no presente documento, que abre paso á aprobación inicial polo Pleno municipal.

8.2. Desenvolvemento na modificación puntual

O proceso de levar a cabo a Modificación puntual implica o cambio na clasificación do ámbito como solo urbano, pasando a integrar o Parque industrial Monte do Cristo.

Na etapa inicial de Avaliación Ambiental Estratéxica, as actuacións previstas estaban redactadas no Borrador da Modificación puntual, que formaba parte desa fase.

Posteriormente elaborouse o presente documento completo da Modificación Puntual, que incorporará as modificacións indicadas nos informes vinculantes que os organismos responsables emitan, cando sexa o caso.

Unha vez aprobada definitivamente a modificación puntual, incorporaranse as súas determinacións ao plan xeral de ordenación que se está a tramitar.

9. Efectos ambientais previsibles

O desenvolvemento da modificación puntual incide sobre as seguintes variables ambientais:

Paisaxe

O ámbito da actuación está localizado no Polígono industrial do Concello, polo tanto xa é un área cunha calidade paisaxística baixa. No PXOM que se está a redactar inclúese un estudo da paisaxe, no cal se reflexa que a exposición visual dende o Camiño Francés e dende a Vila de Portomarín (como elementos de maior uso e visita) a incidencia visual do Polígono é mínima.

Patrimonio natural

Non están afectados ningún espazo natural, fauna ou hábitat singular. Por outra banda, a delimitación de solo para uso industrial e comercial evita a dispersión de estes usos, tratando de concentrar e diminuír os posibles impactos, co cal outros espazos de interese ou que deberan ser protexidos vanse a ver beneficiados.

Patrimonio cultural

Como se comenta en anteriores apartados, no entorno da actuación non se encontra ningún elemento cultural que posúa valores para ser protexido.

Ocupación do territorio

En canto a o factor consumo de solo, a modificación ten un efecto negativo local pola súa artificialización.

Sociedade e economía

Os efectos globais son positivos a nivel de todo o concello, xa que a ampliación do Polígono fará posible a implantación dunha nova industria, creando novas oportunidades de emprego para a poboación.

Consumo de recursos: ciclo hídrico e enerxía

O Polígono xa conta con este tipo de instalacións, a modificación puntual, debido a súa escasa envergadura, non implica dotar de novos servizos, senón que leva consigo facer uso dos mesmos.

Ciclo de materiais

Un aumento da actividade industrial xera un maior volume de residuos que deberanse tratar.

Atmosfera e cambio climático

A execución de novas construcións e infraestruturas poderían supoñer un incremento partículas de po e ruído.

10. Efectos previsibles sobre os plans sectoriais e territoriais

Directrices de Ordenación do Territorio (DOT)

Aprobadas polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio. Este instrumento ten como finalidade precisar a definición dun modelo territorial para Galicia, establecendo as pautas espaciais de asentamento das actividades.

A vila de Portomarín está considerada como núcleo principal por se capitalidade municipal e por desempeñar unha centralidade socioeconómica no seu ámbito. A presente modificación puntual no entorno do Polígono industrial, localizado a escasa distancia da vila, non ten ningún efecto na ordenación territorial proposta nas DOT, xa que a actuación está localizada no ámbito adecuado para o uso industrial e comercial.

Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia

Aprobado polo Decreto 37/2014, do 27 de marzo (DOG nº61 de 31 de marzo), é o instrumento básico para a planificación, ordenación e xestión en rede das zonas de especial conservación (ZEC) e das Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA).

O concello de Portomarín non presenta ningunha área clasificada como ZEC o ZEPA.

Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na comunidade autónoma de Galicia

Aprobado na Resolución do 5 de maio de 2014 pola que se fai pública a aprobación definitiva e as súas disposicións normativas.

Neste plan inclúese o Parque industrial Monte do Cristo co código de área 27049011. No momento de aprobación do Plan sectorial, o Polígono industrial atopábase en fase de execución. Na actualidade o Sector 1, obxecto da ampliación, conta coas obras de urbanización rematadas e, polo tanto, incorporadas ao mercado de solo empresarial.

Unha vez acadada a aprobación definitiva da ampliación, esta deberase incorporar ao Plan sectorial.

Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Portomarín

O Plan Xeral estase a redactar paralelamente á presente Modificación puntual das NNSSP, encontrándose en fase de elaboración do documento para a aprobación inicial por parte do Concello. Unha vez acadada a aprobación definitiva de dita Modificación puntual as súas determinacións incorporaranse ao Plan Xeral.

11. Medidas previstas para previr, reducir, e na medida do posible, corrixir calquera efecto negativo relevante no medio

Sobre as variables ambientais identificadas propóñense medidas para evitar e/ou paliar os posibles efectos negativos:

Paisaxe

O desenvolvemento da modificación puntual ten como fin a implantación dunha industria, a cal requirirá a adopción de medidas concretas tendentes a súa integración paisaxística.

Patrimonio natural

A normativa do PXOM en redacción, así como a lei 9/2002, determinan as actividades que se poden desenvolver en cada categoría de solo.

Ocupación do territorio

Coa ampliación na delimitación de solo para uso industrial trátase de fomentar estas actividades en zonas que xa se atopan artificializadas, priorizando a súa ocupación antes de acometer novos desenvolvementos.

Ciclo de materiais

O Concello conta cun área de recollida selectiva de refugallos e dispón dos colectores no Polígono industrial necesarios a fin de obter un tratamento axeitado dos mesmos.

Atmosfera e cambio climático

As recomendacións para minimizar os efectos negativos do desenvolvemento da modificación puntual serán a humectación das zonas en obras para evitar a creación de partículas en suspensión, uso de barreiras vexetais para paliar o ruído, control da maquinaria empregada que deberá cumprir a normativa de emisións e dispoñer da documentación acreditativa que o garante, entre outras.

Lugo, setembro de 2017:

Asdo.: Alberte González Rodríguez
(en representación do equipo redactor como Director do Plan)

